

REDE DE CENTROS DE SIMULACIÓN CLÍNICA AVANZADA

O día 10 de xaneiro de 2023 publicase no DOG a Orde do 23 de decembro de 2022 pola que se crea a Rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema Público de Saúde de Galicia e o seu Consello Técnico Asesor.

O impulso da xestión do coñecemento e da formación dos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia é un obxectivo fundamental da Consellería de Sanidade e para iso é preciso traballar baixo un prisma da aprendizaxe adaptativo, coa finalidade de permitir modificar os contidos e metodoloxías de formación ás necesidades do sistema de saúde e de acordo cos medios que podan existir en cada momento.

A formación baseada na simulación é unha ferramenta docente cada vez mais importante que permite incrementar os niveis de capacitación e as competencias, especialmente nas habilidades clínicas, dos profesionais sanitarios dentro dun contorno seguro. Nos últimos anos vense producindo a nivel mundial unha aceleración no uso da simulación na formación, dada, precisamente, a importancia para os sistemas sanitarios de crear unha cultura de seguridade para o paciente.

A simulación permite reproducir experiencias reais de pacientes a través de escenarios guiados e controlados, creando un contexto que imita algún aspecto da realidade e que establece situacóns ou problemas similares aos que se enfrentan os profesionais durante as diferentes prácticas clínicas ou cirúrxicas. Os avances tecnolóxicos permiten o desenvolvemento de modalidades cada vez más sofisticadas de simulación, dispoñéndose na actualidade de modelos complexos de alta tecnoloxía e altamente realistas.

A formación, ou o adestramento, baseada na simulación é unha ferramenta que permite diminuír a curva de aprendizaxe, dado que permite repetir as técnicas todas as veces que sexa necesario. Permite, ademais, a aprendizaxe a través do erro, moi importante para poder reflexionar sobre el e poder corrixir os fallos clínicos ou de coordinación, simulando distintas experiencias prácticas, en distintas contornas, con maior ou menor complexidade. Do mesmo xeito, permite o desenvolvemento de capacidades superiores como as competencias en comunicación grupal, discusión e xustificación de accións, traballo baseado en evidencia, xestión do estrés ou dorazoamento clínico.

Nos centros do Servizo Galego de Saúde existe, neste momento, distinto equipamento e espazos dedicados á simulación médica e lévanse a cabo distintas actividades formativas dentro da súa programación. Dada a cada vez maior especialización de equipos e procesos de simulación, o desenvolvemento da simulación clínica require, cada vez máis, dun traballo colaborativo e en rede, que permita compartir os recursos dispoñibles e facilite esta especialización.

Por iso levase a cabo a creación da Rede de Centros de simulación clínica avanzada do Sistema Público de Saúde de Galicia, para que os profesionais sanitarios dispoñan de diferentes recursos que faciliten a mellora da calidade asistencial, docente e de investigación, a través da simulación clínica e que traballará na posta en común de medios e programas para á formación en simulación dos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Para seguir avanzando neste proceso de consolidación considerouse necesario crear, ademais, unha comisión de carácter técnico, na cal se

PUBLICACIÓN DA ORDE DA CONSELLERÍA DE SANIDADE NO DOG

ORDE do 23 de decembro de 2022 pola que se crea a Rede de centros de simulación clínica avanzada do Sistema Público de Saúde de Galicia e o seu Consello Técnico Asesor

incorporen os responsables das distintas Áreas e centros Sanitarios, que se encargará de asesorar no desenvolvemento da Rede, da súa actividade, así como de organizar e difundir o acceso aos recursos dispoñibles e que terá como finalidade o desenvolvemento e mellora continua dos programas formativos en simulación do Sistema Público de Saúde de Galicia.